

O regreso ao deserto abre a nova programación do Centro Dramático

Con ela pónense en marcha nova liñas de traballo

A.N.T.

O regreso ao deserto, de Koltès, *Tarará-chis-pum*, de Artello, e *A piragua*, de Cándido Pazó son as tres producções propias que se inxieren dentro da programación que o Centro Dramático Galego vén de presentar para a tempada 2006-2007. Con ela o CDG pon en marcha novas liñas de traballo coas que se quere fidelizar e diversificar públicos, poñer en escena repertorios clásicos e contemporáneos, galegos e internacionais e apoiar outros xéneros artísticos como o circo ou a danza. Ademais, dentro das novidades, créase a figura do dramaturgo residente, responsabilidade que este ano recae en Cándido Pazó, que se encargará de coordinar o novo Centro de Creación Dramática Contemporánea.

A obra de Bernard-Marie Koltès, *O regreso ao deserto*, abrirá o 20 de outubro no Salón Teatro de Santiago a nova programación do CDG. Baixo a dirección de Cristina Domínguez Dapena, o espectáculo narra a historia de Mathilde cando regresa a Francia despois de vivir exiliada durante anos en Alxeria. *Regreso ao deserto* é unha das tres producções propias que se representarán no país até o mes de xuño dentro dunha programación coa que o CDG querre abrir novas liñas de traballo.

Fidelizar e diversificar o público é outros dos obxectivos cos que arranca a nova programación. Desta banda o Centro inclúe no cartel dous espectáculos dirixidos ao público máis novo. Un deles leva por título *Tarará-chis-pum*. Esta obra, creación colectiva de Artello Teatro Alla Scala 1:5, foi o primeiro espectáculo profesional de teatro infantil feito en Galiza. Estrououse en 1978 na Sala Carral de Vigo e a boa acollida que tivo materializouse na realización de 90 funcións e na súa prolongación en cartel até setembro de 1981. Case trinta anos despois os cativos poderán ver desde febreiro, a historia dun rapaz, aprendiz de pallaso, que perde a risa na escola. A viaxe que se emprende para topala estará en cartel até o mes de abril.

A outra aposta, enfocada ao público escolar, é o espectáculo de música e narración *A cabana de Babaiagá*. Dirixida por Paula Carballeira, e coa pequena Natasha e a bruxa Babaiagá como protagonistas, a obra retoma en outubro a campaña iniciada a principio de ano. O espectáculo poderá verse no Teatro Principal de Ourense do 4 ao 6 de outubro, no Pazo da Cultura de Carballeira do 9 ao 11 e no Teatro Municipal Lauro Olmo do Barco de Valdeorras, do 17 ao 20.

Obradolros e dramaturgo xerente

Outra das novidades do CDG é a creación da figura do dramaturgo residente, responsabilidade que este ano recae en Cándido

Pazó. Durante este período, Pazó será encargado de coordinar o novo Centro de Creación Dramática Contemporánea, co que se quere impulsar a dramaturxia galega a través do intercambio de coñecementos e experiencias, do fomento de proxectos de investigación en novas linguaxes escénicas e do achegamento a disciplinas artísticas.

O Salón Teatro acollerá as actividades deste Centro de Creación, que darán comezo no mes de novembro co curso *Pistas para unha dramaturxia da actualidade*. Cándido Pazó, o dramaturgo valenciano Paco Zarzoso e o portugués Abel Neves, impartirán os tres obradoiros do encontro, de 15 horas de duración cada un.

As obras que resulten deste laboratorio serán publicadas.

Como dramaturgo residente, Cándido Pazó escribirá e di-



Cristina Domínguez e Ánxela Bugallo.

rixirá a terceira das producções da temporada que baixa o título de *A Piragua*, será presentada a partir de abril. Nela Pazó reúne a comunidade de proprie-

tarios dun edificio para solucionar a queixa dun deles, que protesta pola presenza dunha piragua nunha praza de garaxe. A solución do conflito sérvelle

ao autor para tratar o tema da violencia de xénero. A obra estreárase en abril e representarase até o mes de xuño de 2007.

Novas linguaxes

A nova tempada orientase ademais cara as novas linguaxes escénicas. Nesta liña, en xuño de 2007 estreárase o espectáculo *Kamikaze*, unha coprodución da compañía Pista Catro, especializada no denominado novo circo, e o CDG. Hernán Gené é o encargado de dirixir a sete personaxes radicais, no límite entre a vida e a morte en cada unha das súas accións.

Por outra parte, o CDG asumirá a xestión do Salón Teatro. Neste último trimestre do ano o espazo acollerá varias das proxeccións de Cineuropa (do 21 ao 30 de novembro), a gala final do Certame de Creación Coreográfica de Galicia (25 de novembro) e os espectáculos *El señor Ibrahim y las flores del Corán*, coproducido por Uroc Teatro e o Centro Dramático Nacional (2 e 3 de decembro), Lorca eran todos, da compañía Fila 7 (16 e 17 de decembro) e *Woyzeck*, a cargo do Teatro Nacional San João (21 e 22 de decembro). A programación rematará coa Semana de Teatro Infantil que se celebrará do 26 ao 30 de decembro.♦